

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**PARLAMENTO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 14 de febreiro de 2018 pola que se anuncia a convocatoria para a concesión de diversas bolsas para a formación práctica.

A Mesa do Parlamento de Galicia, na sesión do 5 de febreiro de 2018, acordou aprobar as bases das convocatorias para a concesión das seguintes bolsas relacionadas coa actividade da institución:

- a) Dúas bolsas de formación en arquivo, biblioteca e documentación.
- b) Unha bolsa de formación en comunicación institucional.
- c) Dúas bolsas de formación en publicacións.
- d) Unha bolsa de formación en recursos técnicos e contratación.
- e) Unha bolsa de formación en xestión parlamentaria.

E unha bolsa de formación de asistencia administrativa e servizos comúns para persoas con discapacidade intelectual.

As bases estarán dispoñibles no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.gal).

As solicitudes poderán presentarse no prazo de quince (15) días naturais contados desde o seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente do Parlamento de Galicia

